

## **PEZA DO MES**

novembro

2016



**FOTOGRAFÍA**  
**ALAMEDA DO CONCELLO**

**XUNTA DE GALICIA**

## Fotografía. Alameda do Concello

De ti no quedan más  
Que estos fragmentos rotos.  
Que alguien los recoja, con  
amor, te deseo (...)  
*Fragmentos de un libro futuro*  
Ángel Valente

¿Qué hace aquí una alameda sin álamos?  
¿Qué tiempo roto se quedó en espejos?  
*Elegías del Miño*  
V.R. Gracia

A fotografía que comentamos é a copia dunha placa de cristal realizada no primeiro terzo do século pasado na Alameda do Concello. Forma parte dunha extensa colección, rescatada por Fernando del Río nos anos 80 e que foi doada por D. Pablo García Vázquez aos fondos do Museo. A colección componse de numerosas placas de cristal tomadas cunha ICA «Ideal», con obxectivo TESA, de fabricación alemana, que foron realizadas e reveladas polo Dr. García Pérez (médico cirurxán do Hospital Provincial de Ourense), pai do doador.

A fotografía, na que aparece a cara N. do Parque, coas traseiras da rúa Reza, os plataneiros añosos, a fábrica de zapatos e dúas mozas (parentes próximas do Dr. García), está tomada nun ano indeterminado, pero antes de 1927, data en que desaparece o Hospital de San Roque, presente aínda na imaxe. Ademais podemos presumir pola vestimenta das mulleres unha datación cara á segunda década do século XX.

### Breve historia da Alameda do Concello

Da Horta do Concello *sensu lato* (Bispo Cesáreo e Alameda do Concello) téñense novas como Horta do Campo dende o século XIII. Trátase dun campo, poboado de «gruñeiros», oliveiras e outras árbores, cunha extensión de 14 ferrados, situado extramuros, entre a porta do Concello e o Hospital de San Roque ao carón do Camiño Real (O. Gallego, 2001). Nel celebrábanse reunión veciñais, feiras, etc... e cara á zona do Barbaña foi un dos primeiros vertedoiros

da cidade. Aínda presentaba o Ourense amurallado e a súa contorna a «característica combinación de cañadas e barroncas» (R. Otero Pedrayo, 1952).

As transformacións que sufríu esta horta son numerosísimas e describiremos soamente algunhas das de maior impacto:

– En 1561-62 iniciouse nela a construción dun hospital, o de San Roque, que substituíu os «*hospitalillos*» repartidos pola cidade, patrocinado polo bispo Francisco Blanco (1556-1565). Este hospital tivo gran relevancia en tódolos andazos e pestes que asolaron Ourense por ser «o único hospital da cidade ata mediados do século XIX, en que pasa ao edificio das Mercedes» (O. Gallego, 2001) e a comezos do XX aos edificios do actual Campus Universitario. En 1927 derríbase para construír no seu soar o edificio de Correos. A súa portada é trasladada á igrexa da Trindade, onde pecha actualmente o seu lado oeste.

Como nota curiosa temos que sinalar que San Roque foi parroquia independente, chamada do «*Hospital de la Caridad e inclusa*», e que «comprendía unicamente o dito establecemento do Hospital» e «era unha parroquia persoal-exenta de territorio ou espazo físico, con xurisdición sobre persoas concretas» (E. Bande e A. V. Madarnás, 1995).

– En 1809 «os rexementos franceses ó entrar pola Horta do Concello afundíanse na lama e tiveron que penetrar polas outras portas» (R. Otero Pedrayo, 1973). O que nos dá idea do estado do terreo.

– En 1854 trázase a estrada Vilacastín -Vigo e o terreo foise ampliando cos restos das obras e o desmonte da vía, dividíndose daquela o soar en dúas partes (Bispo Cesáreo e Alameda *sensu stricto*). Existe un debuxo de Fernández Pérez (1943) que representa a antiga fisonomía da horta: praza trapezoidal irregular, con edificios asimétricos de rudimentaria arquitectura, tendo pola parte norte unha lomba, que era o mercado de forraxes, cunha árbore centenaria e «gruñeiros». Así mesmo, tiña pousada e dilixencias de viaxeiros. Ao leste existía o caserón dos Valladares e ao Oeste abríase a estrada de Castela.

– En 1904 Vázquez Gulías, o arquitecto municipal, inicia una gran transformación do espazo, a unha beira e á outra da estrada. O palco da música, que se montaba e se desmontaba segundo o seu uso, é substituído por un palco fixo, obra de Gulías, con plataforma de Secundino Couto e de Antonio Malingre Ludeña (V. Carballo Calero et al., 1995) e colócase a balaustrada, cos seus barrotes modernistas en ámbolos dous espazos, e as súas piñas, realizadas por *Fundiciones Malingre*, así coma

as dúas singulares farolas que constitúen o «pórtico» da Alameda (L. Trabazo, 1978).

– En 1982 e 1985 realízase a pavimentación, novos axardinamentos, remodelación das cafeterías e o parque infantil (intervencións de S. Alvarado Blanco), con recuperación das pezas da balaustrada, reconstrución das «piñas» e farolas, etc.

– En 1986 instálase o monolito de Cuevillas.

– En 1995 colócase a rodela da primeira turbina que subministrou luz eléctrica a Ourense.

– Posteriormente realizáronse cambios, moitas veces pouco respectuosos, con detrimento de árbores e de salóns clásicos. Tamén se traslada a estatua de Otero Pedrayo e se substitúe pola «Mujer Desnuda» de Luis Borrajo. As últimas incorporacións corresponden ao medidor da calidade ambiental do aire e a ferverza instalada por FENOSA na Tras-alameda, así coma un parking problemático.

## Biodiversidade

### Vexetais

Dispoñemos de tres inventarios recentes sobre a flora da Alameda:

O de C. Rodríguez Dacal (1997) recolle 22 especies, cun número indeterminado de exemplares. Das especies alí citadas desapareceron 15.

O noso do 21 de agosto de 2005 (2008) consta de 40 especies, cun total de 95 exemplares e 13 conxuntos de plantas recubrintes. Delas desapareceron, nuns dez anos, 18 especies e hai 5 *Ulmus glabra* «*Pendula*» mortos e sen cortar polo pé.

O último reconto fixémoslo o 12 de outubro de 2016 e dá un saldo de 30 especies, con 52 exemplares e 12 grupos de recubrintes.

Hai pois un empobrecemento evidente da biodiversidade.

Hai que sinalar a maiores algunhas herbáceas de interese, naturalizadas nas zonas areosas do parque, como son a macela fina (*Matricaria suaveolens*) e a *Mollugo verticillata*, planta orixinaria de América, moi rara en Galicia e traída como neófito recentemente.

### Animais e pragas

Desaparecidos os estorniños, que asolaban a Alameda anos atrás, son agora as pombas (*Columba*

*livia*) as que destrúen o arborado e representan unha molestia incesante e un perigo sanitario (poden transmitir máis de 20 enfermidades). Tamén aparecen de cando en cando como neocolonizadoras as parellas de rula turca (*Streptopelia decoacto*).

En canto ás pragas hai que sinalar dúas:

Os hemípteros que atacan os plataneiros de sombra (*Platanus hispánica*): *Corythucha ciliata*, coñecida dende hai anos e procedente de América, e o *Arocatus longipes*, lixeiro que apareceu recentemente procedente dos Balcáns. Estes insectos están relacionados cos fenómenos de globalización e tal vez cos do cambio climático.

Finalmente indicaremos que a morte dos umeiros (*Ulmus glabra* «*Pendula*») débese ao ataque masivo do fungo *Ceratocystis*, transmitido por coleópteros escolítidos (*Scolytus sp. pl.*), xilófagos perforadores e minadores da madeira. Recomendamos a corta dos exemplares mortos, aínda en pé, tanto na Alameda como en Bispo Cesáreo.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)  
[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 





XUNTA  
DE GALICIA